

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

CURSO 2020-21

INDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
2. MARCO LEGAL	2
3. O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO	3
4. DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS ADECUADOS A CADA UN DOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA E DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN PARA CADA UN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS	6
5. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	9
6. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS.	9
7. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS	21
8. AVALIACIÓN	21

1º) Introducción: elaboración do PLC, vixencia do mesmo

No presente curso académico 2020-2021 mantense en vixencia o PLC aprobado o curso anterior (2019-20)

O presente PLC forma parte da Programación Xeral Anual do centro, aprobada polo Consello Escolar.

2º) MARCO LEGAL

O **Decreto 279/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, indica no seu artigo 14º que

Artigo 14º.-Proxecto lingüístico de centro.

1. Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares, no cal se fará constar:

a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

b) En educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

c) Nos centros que imparten formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, e ensinanza de persoas adultas, os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

2. O proxecto lingüístico será redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica.

Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas e o coordinador (a) do equipo de dinamización da lingua galega. Será aprobado e avaliado polo consello escolar do centro educativo.

3. Este proxecto remitiráselles cada catro cursos escolares aos servizos da inspección educativa, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da Lei orgánica de educación.

A respecto das decisións que o centro educativo debe tomar (e que se mencionan nos apartados A e C), hai que ter en conta os artigos 7.4 onde se indica que: “Cada centro educativo (...) decidirá a lingua en que se impartira o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais”. Isto é, que a carga horaria de cada nivel educativo da que non hai indicación de en que lingua hai que impartila, hai que dividila ao 50% entre lingua galega e lingua castelá.

3º) CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO IES TERRA DE SONEIRA

Determinación da situación sociolingüística do contorno

O IES Terra do Soneira atópase no Concello de Vimianzo (A Coruña), un concello de algo máis de 7.000 habitantes (7,057, segundo datos do IGE 2019), cabeceira da comarca da que o noso centro toma o nome. É o único centro de secundaria do Concello, e a el acode o alumnado da ESO procedente dos dous CEIPs do Concello adscritos (CEIP San Vicenzo e CEIP Baíñas) e alumnado de Bacharelato procedente do noso propio centro ou do IES de Camariñas (IES Pedra da Aguia). Nas outras ensinanzas que se ofertan no noso centro (Ciclo Medio de Xestión Administrativa e Ciclo Superior de Administración e Finanzas), a procedencia do alumnado é xa máis variada, pero, maiormente, procede dos concellos que conforman a comarca da Terra de Soneira (formada polos concellos de Camariñas, Vimianzo e Zas).

Para establecer a situación sociolingüística do contorno do IES Terra de Soneira contamos con varias fontes extraídas do **Mapa sociolingüístico de Galicia** (1992) e da **Enquisa estrutural a fogares sobre coñecemento e uso do galego** (IGE, 2018), dada a coñecer en setembro de 2019:

1º) Datos dos concellos de Vimianzo e Camariñas extraídos do **Mapa Sociolingüístico de Galicia** (datos de 1992). Recollemos os datos destes dous concellos por se tratar daqueles dos que procede a maioría do noso alumnado.

	Vimianzo	Camariñas
<i>Fala galego:</i> Nada	2,3%	0,9%
Pouco	12,1%	6,8%
Bastante	45,5%	65,3%
Moito	40,1%	27%

O restos das preguntas ofrecían os mesmos resultados para os dous concellos

<i>Lingua inicial:</i>	Galego	80%
	Castelán	13,2%
	As dúas	6,3%
	Outras:	0,5%

<i>Lingua habitual:</i>	Só castelán	3,4%
	Máis castelán	9,9%
	Máis galego	24,1%
	Só galego	62,6%


Lingua de preferencia na escola:

En castelán	36,1%
En galego	24,3%
Nas dúas	14,2%
Indiferente	25,4%

Actitude galego lingua da escola:

Totalmente de acordo	26,3%
Bastante de acordo	28,2%
Bastante en desacordo	10,7%
Totalmente en desacordo	9,6%
Indiferente	19,1%

2º) Evolución da porcentaxe de persoas segundo a lingua na que falan habitualmente. Galicia



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego, 2018


3º) Persoas segundo a lingua na que escriben habitualmente por lingua na que falan habitualmente. Galicia.

<i>Unidade: porcentaxe</i>	Lingua na que escriben		
(%) Lingua na que falan			
Total	Galego	Castelán	
Total	100	16,88	83,12

En galego sempre	100	36,19	63,81
Máis galego ca castelán	100	23,79	76,21
Máis castelán ca galego	100	3,02	96,98
En castelán sempre	100	0,73	99,27

No tocante á lingua habitual de escritura, o castelán segue a ser a lingua máis utilizada polas persoas que viven en Galicia. A porcentaxe de poboación que habitualmente escribe en galego é do 16,64%. Ao comparar os datos segundo a lingua na que falan habitualmente, obsérvase que entre as persoas que sempre falan en galego, o 36,19% escribe habitualmente na mesma lingua e o 63,81% faino en castelán.

3º) Persoas que falan habitualmente en galego sempre ou máis galego que castelán. Áreas. (Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego)



O mapa reflicte que a área da Costa da morte (na que se inclúe a Terra de Soneira) presentan a 2ª maior porcentaxe de poboación que fala habitualmente en galego sempre ou máis galego que castelán, cun 92,43%. Ademais de ser un dos lugares máis destacados de Galicia á hora de manter o idioma galego como principal, outro dato moi interesante que tamén aporta o IGE é que o seu uso medra. Pouco, pero medra. Así, nos datos da primeira análise realizada, no

2008, as respostas dos enquisados sobre «en galego sempre» ou «máis galego ca castelán» eran do 91,91 %, que agora pasou ao 92,43. E chama máis aínda a atención o contraste co que ocorre en Galicia. Segue sendo a lingua máis empregada en toda a Comunidade, pero se hai dez anos a porcentaxe era do 57,03 %, agora é só do 52,29 %. Na Costa da Morte, polo tanto, baixa o uso dos que falan sempre en castelán, ou fano máis ca en galego: un 8,09 hai un decenio, e un 7,57 % agora.

Situación do profesorado e do alumnado / Situación lingüística do centro

No curso académico 2020-21 o IES Terra de Soneira ten un total de 300 alumnos: 157 da ESO residentes no Concello de Vimianzo, 99 de Bacharelato, residentes nos concellos de Vimianzo e Camariñas e 44 de Ciclos, residentes nos concellos de Vimianzo, Camariñas, Zas, Laxe, Dumbría, Muxía e Cabana de Bergantiños. En liñas xerais, o noso alumnado presenta un perfil socioeconómico cultural medio-baixo, e son maioritariamente galego-falantes. O medio familiar e local no que se desenvolve o alumnado é galego falante. Fóra de clase a maioría emprega o galego habitualmente de forma oral, aínda que na escrita adoitan empregar o castelán. Na escola tamén hai moita diferenza entre o nivel do uso oral e escrito; entre o alumnado a lingua predominante é o galego, dirixíndose ao profesorado fundamentalmente nesta lingua. A utilización do galego na escrita é inferior á do castelán, incluso en rapaces/as unicamente galego falantes.

Polo que respecta ao profesorado, neste curso o claustro está formado por 46 profesores. A lingua das aulas é a establecida no Proxecto Lingüístico de Centro ao inicio de curso e a lingua habitual do profesorado é o galego maioritariamente. É tamén o galego a lingua do Persoal de Administración e Servizos do noso centro.

4º) Descrición dos Obxectivos adecuados a cada un dos sectores da comunidade educativa e das Actividades de Dinamización para cada un dos obxectivos propostos

1º) **Obxectivo:** Elaboración e seguimento do cumprimento do *Proxecto Lingüístico de Centro posto en marcha no curso 2019-20*. **Sector implicado:** comunidade educativa do IES Terra de Soneira (profesorado, alumnado, PAS)

Actividades a desenvolver ao longo do curso:

- Realizar un seguimento do PLC durante o presente curso.

- Revisar e corrixir comunicados, cartas, etc. por parte do EDL, cando así o requira calquera membro da comunidade educativa..

- Empregar a lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web, blogs..

2º) **Obxectivo:** Diseñar actividades que promovan os usos escritos da Lingua Galega, así como o coñecemento da produción escrita na nosa lingua. **Sector implicado:** Alumnado e profesorado do IES.

Actividades a desenvolver ao longo do curso:

-Colaborar cos Departamentos didácticos do IES no deseño de actividades, exposicións, concursos... no propio IES nos que se utilice a lingua galega.

-En colaboración coa Biblioteca, coordinar o Concurso Literario do IES que se convoca co gallo do Día das Letras Galegas.

-Promover a participación noutros concursos (literarios, científicos, etc...) organizados por entidades públicas ou privadas, e outros que se consideren de interese e promocionen a lingua galega.

-En colaboración coa Biblioteca do IES, elaboración de Boletíns de recomendacións lectoras na nosa lingua.

-Promover a visita ao centro de escritores galegos, de ilustradores e contacontos sempre en coordinación co equipo de dinamización da biblioteca do centro (no PLAMBE desde o ano 2008). Neste curso, dada a especial situación sanitarias, intentarase que estes encontros con escritores/as ou outras persoas do ámbito da cultura sexan virtuais.

3º) **Obxectivo:** Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas, en colaboración con institucións públicas e privadas. **Sector implicado:** alumnado.

Actividades a desenvolver ao longo do curso:

- Neste curso, dada a especial situación sanitarias, intentarase que as actividades (roteiros, encontros con persoas do ámbito da cultura ou a ciencia, obra teatrais...) sexan en formato dixital / virtual.

4º) **Obxectivo:** *Fomento da utilización das TIC* (Tecnoloxías da información e da comunicación) no noso idioma. **Sector implicado:** Alumnado.

Actividades a desenvolver ao longo do curso:

-Elaboración de contidos para a páxina web relacionados coa nosa lingua e que pretendan dar a coñecer o labor desenvolvido polo noso EDL.

-Actividades en colaboración co Departamento de Tecnoloxía do IES: Achegamento do alumnado da ESO aos recursos informáticos na nosa lingua.

1º da ESO (xogos, móbiles, reprodutores mp3, mp4 en galego...)

2º da ESO (blogs en galego)

3º e 4º da ESO (correctores, tradutores, paquetes informáticos en galego)

5º) Recursos Humanos e Materiais

No presente curso académico o EDLG está formado por unha Coordinadora, pertencente ao Departamento de Lingua Galega, e por outras 2 profesoras, pertencentes aos Departamentos de Lingua Galega e Francés. Conta tamén con 3 membros de alumnado (de 4º da ESO) e 1 membro do PAS.

Polo que respecta aos recursos materiais, o EDL utiliza os recursos propios do IES Terra de Soneira e solicita as Axudas para os proxectos de fomento de uso do galego convocadas pola Consellería de Cultura e Turismo.

6º) Linguas que se deben empregar nas áreas

A distribución nos diferentes cursos do noso centro en canto á lingua na que se imparten as diferentes materias ou módulos, co obxectivo de que o reparto horario quede ao 50% tal como marca a lexislación, é a seguinte:

1º ESO		
MATERIA	HORAS	LINGUA
TRONCAIS		
Bioloxía e Xeoloxía	4	GALEGO
Xeografía e Historia	3	GALEGO
Lingua Castelá e Literatura	4	CASTELÁN
Matemáticas	5	CASTELÁN
Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)	3	INGLES
ESPECÍFICAS		
Educación Física	2	GALEGO
Segunda Lingua Estranxeira (Francés)	2	FRANCÉS
Educación Plástica	2	CASTELAN
Relixión	1	GALEGO
Valores éticos (NON HAI)		
LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA		
Lingua galega e Literatura	4	GALEGO
LIBRE CONFIGURACIÓN DE CENTRO		
Programación	1	CASTELÁN
Obradoiro de teatro		GALEGO
TITORÍA	1	GALEGO
TOTAL	32 HORAS	Eliminadas 5 horas de Inglés /Francés, o 55% dáse en Galego (15/16 horas) e o 45% en castelán (12/13 horas)

2º ESO		
MATERIA	HORAS	LINGUA
TRONCAIS		
Física e Química	3	CASTELAN
Xeografía e Historia	3	GALEGO
Lingua Castelá e Literatura	3	CASTELÁN
Matemáticas	5	CASTELÁN
Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)	3	INGLES
ESPECÍFICAS		
Educación Física	2	GALEGO
Segunda Lingua Estranxeira (Francés)	2	FRA
Música	2	GALEGO
Tecnoloxía	3	CASTELAN
Relixión	1	GALEGO
Valores éticos		GALEGO
LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA		
Lingua galega e Literatura	3	GALEGO
LIBRE CONFIGURACIÓN DE CENTRO		
Educación financeira	1	GALEGO
Iniciación ás artes escénicas		GALEGO
Deporte para todos		GALEGO
TITORÍA	1	GALEGO
TOTAL	32 HORAS	Eliminadas 5 horas de Inglés /Francés, dáse en Galego o 48% (13 horas) e o 52% en castelán (14 horas)

3º ESO		
MATERIA	HORAS	LINGUA
TRONCAIS		
Bioloxía e Xeoloxía	2	GALEGO
Física e Química	2	CASTELÁN
Xeografía e Historia	3	GALEGO
Lingua Castelá e Literatura	3	CASTELÁN
Matemáticas Aplicadas	4	CASTELÁN
Matemáticas Académicas		
Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)	3	INGLES
ESPECÍFICAS		
Educación Física	2	GALEGO
Música	2	CASTELÁN
Tecnoloxía	2	CASTELÁN
Segunda Lingua estranxeira (Portugués)	2	PORTUGUÉS
Segunda Lingua Estranxeira (Francés)		FRANCÉS
Educación Plástica	2	GALEGO
Relixión	1	GALEGO
Valores Éticos		
LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA		
Lingua galega e Literatura	3	GALEGO
TITORÍA	1	GALEGO
TOTAL	32 HORAS	Eliminadas 5 horas de Inglés / Francés/Portugués, dáse en Galego o 52% (14 horas) e o 48% en castelán (13 horas)

4º ESO			
MATERIAS	HORAS		
TRONCAIS	ENSINANZAS ACADÉMICAS	ENSINANZAS APLICADAS	LINGUA
Lingua castelá e literatura	3		CASTELAN
Primeira lingua estranxeira (Inglés)	3		INGLÉS
Xeografía e Historia	3		GALEGO
Matemáticas académicas	4		CASTELÁN
Matemáticas aplicadas		4	
TRONCAIS DE OPCIÓN (2 MATERIAS)			
Bioloxía e Xeoloxía	3		GALEGO
Física e Química	3		CASTELÁN
Economía	3		CASTELÁN
Latín	3		CASTELÁN
Tecnoloxía		3	CASTELÁN
Iniciación á actividade empre		3	GALEGO
ESPECÍFICAS OBRIGATORIAS			
Ed. Física	2		GALEGO
Relixión	1		GALEGO
Valores Éticos			
LIBRE CONF. AUTONÓMICA			
Lingua galega e literatura	3		GALEGO
ESPECÍFICAS (2 MATERIAS)			
Segunda lingua estranxeira (Francés)	3		FRANCÉS
Segunda lingua estranxeira (Portugués)	3		PORTUGUÉS
Ed. Plástica	3		GALEGO
Música	3		CASTELÁN

TICS	3	CASTELÁN
TITORÍA	1	GALEGO
TOTAL	32 horas	

4º ESO

-20 HORAS PARA TODOS: TRONCAIS (13 H.), LIB.CONF. AUTONÓMICA (3 H.), ESPECÍFICAS OBRIGATORIAS (3 H) E TITORÍA (1 H.): 11 H. En GALEGO, 7 H. En CASTELÁN e 3 H. En INGLÉS.

-6 HORAS PARA TODOS DE TRONCAIS DE OPCIÓN, poden escoller entre 6 horas en galego e 12 horas en castelán. (33%) – (66%)

-6 HORAS PARA TODOS DE ESPECÍFICAS, poden escoller entre 3 horas en francés, 3 horas en portugués, 3 horas en galego e 6 horas en castelán.

1º BACH				
MATERIAS	HORAS			LINGUA
	TRONCAIS	HUMANIDADES	CIEN, SOCIAIS	
Lingua Castelá e Lit.	3			CAST.
1ª Lingua Estranx (Inglés)	3			INGLÉS
Filosofía	3			GALEGO
Latín I	4			CASTELÁN
Mat. Aplicadas		4		CASTELÁN
Mat. Académicas			4	CASTELÁN
TRONCAIS DE OPCIÓN (ESCOLLER 2)				
Economía	4			CASTELÁN
Historia	4			GALEGO
Lit. Universal	4			CASTELÁN
Bioloxía e Xeol.			4	GALEGO
Física e Química			4	CASTELÁN
Debuxo Técnico I			4	GALEGO
ESPECÍFICAS OBRIGATORIAS				
Ed. Física	2			GALEGO
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN (ESCOLLER 2/3)				
Análise musical I	3			CASTELÁN

Anatomía Aplicada	3	GALEGO
Debuxo Artístico I	3	GALEGO
2ª lingua estranxeira (Francés)	2	FRANCÉS
2ª lingua estranxeira (portugués)	2	PORTUGUÉS
TICS I	2	CASTELÁN
Robótica	2	CASTELÁN
Relixión	1	GALEGO
LIBRE CONF. AUTONÓMICA		
Lingua gal. E lit	3	GALEGO
LIBRE CONF. CENTRO		
Inglés comunicativo	1	INGLÉS
TOTAL	32 HORAS	

Prodúcese un pequeno desequilibrio nas Materias troncais (40% en galego e 60% en castelán); entre as oferta de materias troncais de opción (50% en cada lingua) e na oferta de específicas de opción, a oferta está equilibrada.

2º BACH				
MATERIAS	HORAS			LINGUA
	TRONCAIS	HUMANIDADES	CIEN, SOCIAIS	
Lingua Castelá e	3			CAST.

Lit.				
1ª Lingua Estranx (Inglés)	3			INGLÉS
Historia de España	3			GALEGO
Latín I	4			CASTELAN
Mat. Aplicadas		4		CASTELAN
Mat. Académicas			4	CASTELÁN
TRONCAIS DE OPCIÓN (ESCOLLER 2)				
Economía da empresa	4			CASTELÑAN
Xeografía	4			GALEGO
Historia da Arte	4			GALEGO
Historia da Filosofía (obrigatoria)	4			GALEGO
Bioloxía			4	GALEGO
Física			4	CASTELÁN
Química			4	CASTELAN
Debuxo Técnico II			4	GALEGO
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN (ESCOLLER 2/3)				
Análise musical II	3			CASTELÁN
2º lingua estranxeira (Francés)	3			FRANCÉS
Debuxo	3			GALEGO

Artístico II		
Relixión	1	GALEGO
LIBRE CONF. AUTONÓMICA		
Lingua gal.e lit	3	GALEGO
LIBRE CONF. CENTRO		
Comunicación oral en língua inglesa	1	INGLÉS
TOTAL	32 HORAS	

Prodúcese unha oferta equilibrada ao 50% entre galego e castelán entre as materias troncais, as troncais de opción e as específicas de opción.

CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

Módulo profesional	Horas	Curso	Lingua en que se imparte
MP0179. Inglés	160	1º	INGLÉS
MP0647. Xestión da documentación xurídica e empresarial	80	1º	CASTELÁN
MP0648. Recursos humanos e responsabilidade social-corporativa	80	1º	GALEGO
MP0649. Ofimática e proceso da información	240	1º	CASTELAN
MP0650. Proceso integral da actividade comercial	133	1º	<i>GALEGO</i>
MP0651. Comunicación e atención á clientela	160	1º	CASTELÁN
MP0658. Formación e orientación laboral	107	1º	GALEGO
MP0653. Xestión financeira	123	2º	GALEGO
MP0654. Contabilidade e fiscalidade	157	2º	GALEGO
MP0655. Xestión loxística e comercial	105	2º	CASTELÁN
MP0656. Simulación empresarial	140	2º	CASTELÁN
MP0652. Xestión de recursos humanos	107	2º	CASTELÁN
MP0657. Proxecto de administración e finanzas	26	Durante a FCT	GALEGO E CASTELÁN

CICLO MEDIO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA

Módulo profesional	Horas	Curso	Lingua en que se imparte
MP0156. Inglés	160	1º	INGLÉS
MP0438. Operacións administrativas de compravenda	133	1º	CASTELAN
MP0448. Operacións auxiliares de xestión da tesouraría	160	1º	GALEGO
MP0440. Tratamento informático da información	267	1º	CASTELÁN
MP0441. Técnica contable	133	1º	GALEGO
MP0449. Formación e orientación laboral	107	1º	GALEGO
MP0443. Tratamento da documentación contable	105	2º	GALEGO
MP0442. Operacións administrativas de recursos humanos	123	2º	CASTELÁN
MP0437. Comunicación e atención á clientela	123	2º	CASTELÁN
MP0439. Empresa e Administración	123	2º	CASTELÁN
MP0446. Empresa na aula	156	2º	<i>GALEGO</i>

7. Medidas de apoio e reforzo para o correcto uso lingüístico e para o alumnado con insuficiente dominio das linguas.

Para o alumnado que se incorpore ao noso centro e que proceda de fóra da nosa comunidade autónoma (con coñecemento da Lingua Española pero non da Lingua Galega), está prevista – en colaboración co Departamento de Lingua Galega- a Exención de Lingua Galega prevista pola lexislación e un programa de adquisición da lingua realizado nas horas de lingua galega e baixo a supervisión do profesor/a correspondente.

No presente curso académico hai 2 alumnos nesta situación na ESO.

Para o alumnado que se incorpore ao noso centro e que proceda de fóra da nosa comunidade autónoma (sen coñecemento da Lingua Española nin da Lingua Galega), está previsto –en colaboración cos Departamentos de Lingua Española e Lingua Galega e baixo a supervisión do Departamento de Orientación Educativa- un programa de adquisición das 2 linguas oficiais nas horas de Lingua Española e Lingua Galega, podendo incorporarse algunha hora máis de reforzo en función do curso académico en que se atope o alumno en cuestión.

No presente curso académico hai 2 alumnas nesta situación na ESO.

8. Avaliación

Para elaborar o presente PLC realizouse unha avaliación do PLC posto en marcha no curso anterior (2019-20) así como das actividades nos anteriores. Produto desa avaliación foron os cambios introducidos no presente PLC a respecto do anterior, así como a decisión de manter actividades xa consolidadas en anos anteriores (e que inciden no traballo conxunto cos Departamentos didácticos do centro e co Equipo de Dinamización da Biblioteca). Está previsto tamén facer unha avaliación anual das actividades ao final de cada curso académico coa intención de mellorar as actividades do PLC no curso académico seguinte.